

## Encontro coas familias para falar de educación

O pasado martes, 28 de febreiro, celebrouse a sesión de apertura de Encontros coas Familias.

José Luis González liderou unha xornada que tivo moi boa acollida entre os asistentes, os cales mostráronse moi receptivos, non só á hora de participar, senón que tamén aceptaron a proposta de José Luis de continuar con estes encontros para falar entre todos do que é a Educación e que podemos facer para encarar estes novos tempos.



José Luis González (de costa) nun momento do encontro

Toma de decisións, autonomía persoal, dependencia familiar, sobreprotección, habilidades sociais, serán algúns dos temas que irán saíndo en futuras xornadas. O noso consello é que non as perdades.



Imaxe vídeo amosado na presentación

## Falar de educación

Cada vez precisamos de máis habilidades para ter posibilidades de dar respostas axeitadas ás situacións persoais, individuais e sociais, familiares, laborais...

Falar de educación é unha proposta presentada no mes de febreiro no noso Colexio, por iniciativa da ANPA, e coordinada por José Luis González. Terá continuidade, durante o resto de curso, de maneira quincenal os luns de 18.15 a 19.30 horas.



Como fixemos no primeiro encontro, para facilitar a asistencia das nais/pais organizaremos actividades para os nenos e nenas, cuxas nais e pais queiran asistir a estas charlas / encontro.

O calendario programado para o mes de marzo é o seguinte:

Luns, 12 de marzo:

**Da dependencia familiar a autonomía persoal**

Luns, 26 de marzo:

**Destrezas para autonomía persoal e toma de decisións.**

Hora: ..... 18:15 a 19:30

Lugar: .. Salón de actos do colexio

**Tódoos pais do colexio, sen excepción, estades invitados. A continuidade depende de vós!**



ANPA Brigantium

Consulta máis información no noso blog

<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

facebook: [anpabrigantium](#)

[anpabrigantium@gmail.com](mailto:anpabrigantium@gmail.com)



CONCELLO DE BETANZOS  
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN



Cruz Vermella

## A PREVENCIÓN DE ACCIDENTES NA INFANCIA

Advertir o risco, valorar posibles perigos, adoptar unha actitude segura para prever accidentes ou coñecer a conduta PAS (Protexer, Avisar, Socorrer), unha vez que ocorreu un accidente, foron algúns dos temas tratados na xornada levada a cabo pola Cruz Vermella o pasado 5 deste mes.



Tamén houbo un espazo dedicado á seguridade vial, con especial atención ás cadeiras, elevadores e cintos de seguridade.

**NOTA: Asento dianteiro nos vehículos:** unicamente poderán ir nenos/as maiores de 12 anos e que midan máis de 135 cm.




### Teléfonos en caso de URXENCIA

Intoxicacións:..... 915 620 420  
 Ambulancia:..... 061  
 Cruz Vermella: ..... 981 222 222  
 Bombeiros:..... 112  
 Policía Local:..... 981 770 602  
 Garda Civil: ..... 062

Recomendación da Cruz Vermella:

Recorta estes teléfonos e tenos a man en caso de urxencia



## 2 novos barracóns para o curso 2012-2013

O pasado mes de febreiro o Xefe Territorial da Consellería de Educación da Xunta de Galicia estivo visitando o CEIP Fco. Vales Villamarín, acompañado dun técnico da Xunta de Galicia. Na visita tamén estivo presente o Alcalde de Betanzos e representantes da ANPA Brigantium, así como a Dirección do colexio.

O tema principal da visita foi a colocación dos barracóns. Estudáronse dúas posibilidades: unha no patio exterior, na esquina pegada á panadería, onde parece ser que collerían, e onde por suposto non hai problema ningún para a Consellería: fácil instalación, en terreos propios, obra mínima, pero cunha merma de patio a ter en conta. A outra possibilidade, defendida pola dirección do colexio, o Alcalde e a ANPA é a colocación dos barracóns nos terreos de "Rey", co fin de minimizar a perda de patio de xogo. Esta opción é máis complicada, xa que supón a firma dun convenio, que os propietarios estean de acordo e, tamén algo máis de inversión. (Ver zonas no plano da columna seguinte)

Non houbo decisión a este respecto, entre outros motivos, porque o Concello non aportou datos da dispoñibilidade efectiva dos terreos de "Rey" (zona B).

A situación do COLEXIO NOVO DE INFANTIL foi o outro tema tratado. Pouca información deu o responsable da Consellería de Educación, máis alá de que o proxecto está en marcha e non ten volta atrás. Todo bastante inconcreto e certamente difuso.



Plano ubicación colexio: ubicación dos barracóns

- Zona A:** Dentro do patio do colexio. Proposta da Xunta de Galicia
- Zona B:** Terreos de "Rey". Defendida pola ANPA, Concello e Dirección do Colexio

Ante esta falta de concreción a ANPA preguntou directamente sobre cal era o estado do expediente do novo colexio e que prazos se estaban a contemplar. Agora si, xa sen evasivas, o Xefe Territorial contestou que o que está en concurso é o proxecto básico, que aínda non elixiron o modelo de colexio e que polo tanto aínda restaba por elaborar o proxecto de execución, despois sería a licitación da obra e por último a execución da mesma.

Chegar ata aquí non foi tan fácil e a promesa de rematar o colexio en 2 anos ten tinxes de ser gratuíta. Todo indica que se queremos saír desta situación non teremos máis remedio que movernos.

CONSTRUCCIÓN DO NOVO COLEXIO

e remodelación do actual

